

PROXECTO LECTOR

Curso 2020/2021

Cpr Agarimo

ÍNDICE

- **Características do centro**
- **Oferta educativa**
- **Proxecto lector**
- **Obxetivos**
 - Xeral
 - Específico
- **Metodoloxía**
- **Actividades a realizar**
- **Proxecto Tic's**
- **Recursos disponibles**
- **Avaliación**

Características do centro

Son moitas ás familias, e os rapaces que acuden ó centro AGARIMO en busca de solucións, despois de que na inmensa maioría das veces, no as atoparan noutros centros. As familias chegan a nos, en busca dunha alternativa educativa aos seus fillos, unha nova oportunidade, diferente da que atoparon noutros institutos nos que os rapaces xa estiveron matriculados sen éxito.

Son rapaces que contan con entre catorce e vinte anos, procedentes de familias cun poder adquisitivo, educativo (a maioría dos proxenitores non teñen máis que estudos primarios) e cultural medio-baixo, que se dedican fundamentalmente ao sector industrial e ó sector servizos en Arteixo.

Un número destacado destes rapaces proveñen de familias desestruturadas.

Cabe destacar tamén que cada ano vai en aumento a matrícula de alumnos inmigrantes, maioritariamente de orixe magrebí e sudamericana.

Todo isto é o que fai que o CPR AGARIMO se caracterice por atender a rapaces e rapazas pertencentes aos grupos menos favorecidos dende o punto de vista social, económico, cultural e/ou étnico, coa finalidade de proporcionarlles unha formación que lles facilite a súa integración social e laboral.

Ofrecemos unha filosofía construtivista do ensino encamiñada a que o alumno acade unha aprendizaxe significativa e funcional, partindo dunha realidade que nos enfrenta á desmotivación, polo que para conseguir ensinarlles, hai que realizar actividades variadas e innovadoras, dándolle unha especial importancia aos temas transversais: o consumo de drogas, a violencia de xénero, a sexualidade, etc.

Oferta educativa

O centro AGARIMO, conta coa seguinte oferta educativa:

Formación Profesional Básica (FPB)

- Ciclo de FPB de Carpintaría e moble
- Ciclo de FPB de Cociña e restauración

O noso centro conta con cinco aulas de **Educación Especial** nas que se imparte a ensinanza básica obrigatoria, que comprende primaria e secundaria e a etapa de transición á vida adulta.

A nosa línea educativa ten como finalidade que os alumnos con necesidades educativas especiais, en base ás súas fortalezas, adquiran as ferramentas necesarias para o seu desenvolvemento persoal e inclusión sociolaboral.

Educación Especial (EE)

- Cinco unidades de psíquicos

Contamos, tamén cos niveis I e II da **Educación Secundaria para Adultos** (módulos 1, 2, 3 e 4) titulación equivalente á ESO e determinante á hora de acceder a multitude de postos de traballo.

Educación Secundaria de Adultos (ESA)

- Módulo 1-3
- Módulo 2-4

PROXECTO LECTOR

Introducción

A lectura é un dos piares sobre os que se sostén a educación e o coñecemento, polo tanto, resulta obvio o carácter crucial que ten inculcar o hábito lector nos alumnos.

Quen non le, ou non entende o que le, non sabe escribir con corrección e, polo tanto, carece das capacidades necesarias para expresarse a certo nivel esixible, tanto no ámbito da escritura como oralmente, ademais de afectar negativamente aos procesos mentais de desenvolvemento que cabería esperar, especialmente para non aumentar o máis que excesivo cupo de analfabetismo funcional existente.

Hoxe en día, a maioría dos nosos alumnos están afeitos a utilizar un tipo de linguaxe moi pobre e limitada. Estámonos a referir ao uso habitual das mensaxes das redes sociais. Se ben este tipo de linguaxe apocopada é moi pobre no léxico, pode ter a súa cabida na rede e pola súa economía e rapidez, no mundo dos celulares, tamén é certo que observamos como obxectivo básico, loitar contra a súa descontextualización, isto é, desterrala da escrita habitual (redaccións, exames, cartas de presentación ou elaboración de currículos). Cada vez máis, este tipo de linguaxe minimalista está saturada de erros ortográficos, léxicos... ven sendo a súa única referencia na lectura e na escrita. Este último feito, provoca que a ortografía sexa algo case alleo a eles. Quen non le textos escritos con corrección (libros, revistas, diarios...), é incapaz de saber cómo se escriben as palabras. É certo que, para iso está a educación e, en especial as materias e os mestres pertencentes ó ámbito de comunicación, pero por moitas regras ortográficas que os alumnos memoricen, non van reparar nelas continuamente, cada vez que teñan que escribir algo. De feito, as regras ortográficas, deben ter como fin último, ser absorbidas polos alumnos e que formen parte do seu “instinto” á hora de ler ou escribir. Tanto é así, que os que as coñecemos, non temos que estar reparando nelas continuamente e cando vemos un erro ortográfico, reccionamos de xeito automático.

O feito é que, sen a lectura, os alumnos non saberán o xeito adecuado de escribir as palabras, sendo esta, tan importante ou máis que o coñecemento das regras ortográficas. É aquí onde radica unha parte importante do proxecto lector.

Conseguentemente é deber do Centro Agarimo ofrecer un ensino eficiente da lectura e escritura, unha lectura comprensiva para apropiarse da linguaxe, unha lectura como actividade que incentive a intelixencia. O alumnado debe ser quen de tratar a información e comprender mensaxes e argumentos. A importancia da lectura fai necesario un esforzo para que os centros elaboren proxectos que teñan como finalidade proporcionar ao alumnado as capacidades para informarse, indagar, criticar ideas, avaliar opinións, argumentos e informacións ou xustificar propostas persoais e poder así elaborar criterios propios, sendo menos manipulables, máis críticos e máis independentes.

A lectura, nunha sociedade como a nosa, "sociedade da información", é unha habilidade de grande utilidade, dada a cantidade de información que recibimos a través dos textos escritos; pero se ben é moi útil para vivir en sociedade, é imprescindible para superar con éxito os anos escolares, onde imperan os textos escritos, e onde a lectura se converte no medio que nos permite ler/comprender de xeito significativo e, consecuentemente aprender; polo que ser un bo ou mal lector vai estar directamente relacionado coa dificultades que presente ou non o alumno no contexto escolar.

Ler significa poñer en marcha varios procesos mentais: procesos perceptivos, procesamento léxico, procesamento sintáctico e procesamento semántico que levados a cabo de forma simultánea permiten acceder ao significado textual. A lectura, polo tanto, é algo máis complexa que a decodificación das palabras, condición necesaria pero non suficiente, pois ademais de que a transformación de signos gráficos se faga de forma correcta; é necesario construír significados a partir deles.

Obxetivos do proxecto lector

En base ós datos expostos, é evidente a distancia que hai entre as nosas pretensións como centro educativo e a realidade coa que nos atopamos nas aulas. É por iso polo que o noso obxectivo é achegar ambas posturas, a partir do desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro co que pretendemos dotar aos alumnos, das competencias claves relacionadas coa lectura, nun grao axeitado e suficiente, tal como nolo demanda a sociedade actual.

Obxectivo xeral:

O obxectivo xeral do plan vai dirixido a desenvolver nos estudantes o gusto pola lectura co fin de ampliar os seus coñecementos, de escribir mellor e de suscitar neles o interese cara a diferentes campos, é dicir levalos a abrirse ao mundo exterior.

Obxetivos específicos

Os obxetivos específicos deste Programa Lector son os que a continuación se presentan:

- Crear un hábito lector e o gusto pola lectura no alumnado.

- Proporcionar apoio ao programa de ensinanza-aprendizaxe.
- Diseñar e elaborar materiais de traballo e propostas para a promoción lectora.
- Dotar aos estudantes das capacidades básicas para obter e usar de forma autónoma diferentes recursos e servizos.
- Potenciar o uso e desfrute da biblioteca escolar
 - Adecuar a biblioteca dotándoa, de forma permanente, dos recursos necesarios para o seu funcionamento
 - Ampliar as posibilidades de uso pedagóxico e cultural da biblioteca
 - Converter á biblioteca nun espazo informativo, recreativo e de educación permanente.
 - Utilizar a biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente e transformándoa nun centro xerador de actividades co fin de desenvolver hábitos lectores, competencias escritoras e habiliades de aprendizaxe.
 - Integrar a biblioteca escolar no traballo cotiá do centro.
 - Enriquecer os fondos actuais, tendo en conta, ademais dos intereses educativos, os gustos dos alumnos
- Implicar o profesorado no Proxecto Lector, facéndoos partícipes das propostas do programa co fin de contribuír a crear un ambiente lector dentro e fora da aula e do centro.
- Organizar e celebrar xornadas de animación a lectura.
- Implicar ás familias en actividades relacionadas coa lectura.
- Incluír no Plan de Centro e na Memoria Final os plans de traballo e actuacións, incluíndo unha avaliación final e unhas propostas de mellora.

Metodoloxía

A metodoloxía a empregar no desenvolvemento do Proxecto Lector será:

- Análise da situación de partida e estudio da información recollida co fin de programar obxectivos axustados aos recursos do centro a partir dunha información real.
- Definición dos obxectivos, tano xerais como específicos, a levar a cabo polos distintos membros educativos implicados non Proxecto Lector.
- Determinar ás actuacións e actividades que contribuirán á consecución dos obxectivos de acordo as necesidades e características do centro e o seu alumnado.
- Avaliación e revisión dos resultados con iniciativas que recollan o impacto do Programa, tanto a nivel de centro coma de alumnos.

Actividades a realizar

O desenvolvemento do Proxecto Lector levarase a cabo, tendo como centro de interese principal a biblioteca por ser un espacio que permite ao alumnado desenvolver competencias transversais como: extraer información, exercer un xuízo crítico, poñer en práctica a súa creatividade, utilizar métodos de lectura eficaces, usar as novas tecnoloxías da información e comunicación, desenvolver as súas competencias en todas as áreas do currículo, para o que propoñemos as seguintes actividades:

- Organización e catalogación dos fondos da biblioteca escolar cun deseño adaptado aos alumnos:
 - Clasificación de armarios e seccións.
 - Sinalización e rotulación de seccións e temas.
 - Colocación de etiquetas.
 - Crear ficheiros de consulta
 - Servizo de empréstito a toda a comunidade educativa, incluídos exalumnos, familias ...
 - Horario da biblioteca
 - Folla de recomendacións de lectura
 - Apoio da biblioteca a todas ás actividades organizadas polo Centro (Día da Paz, Día da Constitución, Día das Letras Galegas...).
- Rexistro informatizado dos materiais da biblioteca escolar.

- Entrada, rexistro e etiquetaxe dos materiais chegados ao Centro dos diferentes organismos, editoriais e todos os adquiridos polo Centro.
- Confección de materiais: fichas de libros e material audiovisual, fichas persoais de lectura, separadores...
- Elaborar material informativo acerca de como está organizada a biblioteca e dos recursos dos que dispón.
- Integración do Proxecto Lector no Proxecto Educativo de Centro.
- Inclusión do Proxecto Lector non Plan de Centro e na Memoria, do conxunto de actividades, actuacións e intervencións, para a súa aprobación polo Claustro e o Consello Escolar.
- Utilización da biblioteca durante o horario escolar, como lugar de lectura e estudo dirixido, así como para o traballo persoal.
- Fixar un punto informativo onde se faga referencias a: libros, publicacións,...
- Realización de enquisas na comunidade escolar sobre temas relacionados coa lectura
- Realización de concursos e certames:
 - Concurso “Logotipo da biblioteca”
 - Concurso “Eslogan da biblioteca”
 - Certámes de poesía, contos,...
 - Concurso de “Busca de información”
- Fixar unha semana cultural, de efemérides
- Organización de xornadas de animación á lectura
- Exposicións de libros e documentos por temática
- Selección, por áreas, dos mellores traballos realizados polo alumnado e rexístralos na biblioteca para futuras consultas.
- Sesións de lectura en voz alta, ata completar a lectura dun libro entre toda a clase.
- Escribir unha "historia viaxeira", de forma que vaia pasando de clase en clase ata completala.
- Elaborar unha revista ou xornal escolar
- Recompilación de literatura de tradición oral e historias urbanas.
- Formación do uso da biblioteca, de como utilizar os dicionarios, enciclopedias,...
- Realizar unha ginkana de investigación

- Realizar a ficha técnica despois da lectura dun libro, atendendo a distintos aspectos que poidan servir de referencia aos compañeiros.
- Apoio a preparación das visitas culturais e excursións feitas dende o centro
- Implicación das familias non fomento da lectura
- Crear un foro de lectura non que compartir as experiencias
- Visitas de autores lidos previamente polo alumnado
- Catalogación dos fondos da biblioteca

Todas estas actividades deberán levarse a cabo en combinación co resto de proxectos do centro, empregando a lectura como fío conductor.

Proxecto TIC

A utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación permítenos:

- Difundir os fondos da biblioteca a toda a comunidade educativa a través da páxina web e a plataforma educativa.
- Comunicar as novidades e recomendar libros a través dos mesmos medios.
- Realizar unha lista de enlaces sobre lectura na nosa páxina web.
- Crear unha Revista Dixital onde colabora toda a comunidade educativa, dispoñible en galego e castelán.
- Dispoñer de conexión a Internet.
- Automatizar a biblioteca.
- Ter recursos para diferentes actividades na biblioteca: canón e ordenador, cámara dixital, cámara de vídeo, escaners, impresoras,...
- Empregar as novas tecnoloxías de dixitalización para a creación de eBooks.

Ademais é necesaria a implicación de todos os membros da comunidade educativa.. Esa é a razón de que estean representados todos os niveis educativos que forman o noso centro, así como as súas familias, e todos os departamentos didácticos.

Recursos dispoñibles

- A Biblioteca.
 - Espazos e instalacións: A biblioteca (duns 90 m²) está situada na planta -1 do edificio. É unha sala non moi ampla, situada nunha zona de paso, camiño da cafetería, con iluminación natural, e pendente de arraxar para convertérase nun lugar aínda mais agradable e atractivo para os rapaces.
 - O mobiliario: a biblioteca conta con estantes, expositor de prensa, mesas e cadeiras e un ordenador con conexión a Internet.

A sala distribúese por espazos segundo ás actividades que se realicen: zona de estudo (compostar por cadeiras e mesas que ocupan o espazo central), unha zona de consulta, unha zona de xestión e unha zona de ordenadores.

Avaliación

Trátase de establecer accións de seguimento e avaliación que permitan un axeitado control da calidade e da efectividade do Plan Lector, pois é importante coñecer o grao de consecución dos devanditos obxectivos. Polo que se fai necesaria unha avaliación de cada un dos obxectivos ao longo do curso co fin de solucionar posibles problemas, ampliar ou anular actuacións...

A avaliación debe propiciar que todos os sectores implicados manifesten as súas opinións, valoracións, a través de entrevistas, enquisas, encontros, reunións, etc.

Hai que realizar unha autoavaliación nas reunións dos equipos, así como un seguimento e atención do programa que desenvolvemos na biblioteca escolar.

A avaliación debe ser un proceso continuo e actualizado: interesa analizar as situacións de partida do alumnado, do profesorado e dos sectores implicados no contexto do proxecto. Tamén é necesario coñecer o desenvolvemento do traballo e a súa incidencia: dinámica de traballo dos equipos; uso dos servizos creados e dos medio dispoñibles; adaptación aos imprevistos e cambios no centro. Todo iso pode servir para revisar, reconducir e modificar calquera aspecto dos elementos que interveñen durante o proceso.

Debe facerse un balance global e por apartados dos resultados da posta en práctica do proxecto.

Ao longo dos cursos o responsable da biblioteca, xunto co resto do profesorado, deben analizar unha serie de indicadores, criterios ou referencias respecto ao plan de biblioteca e desenvolvemento do programa de promoción lectora, respecto ao alumnado e ao profesorado que lles permitan coñecer a calidade dos traballos, así como aspectos relacionados cos elementos que configuran o proxecto. Deste xeito, a planificación inicial estará en continua revisión.

Enumeramos unha serie de criterios para avaliar o desenvolvemento do proxecto e o logro dos obxectivos propostos:

- Respecto ao alumnado:
 - O índice de lectura e o hábito creado a través das lecturas persoais e dos controis de empréstito e uso das bibliotecas de aula e de centro.
 - O grao de autonomía e participación do alumnado.
 - Valoración dos textos propios e do dominio de lecturas diversas.
- Respecto ao profesorado:
 - A inclusión do uso da biblioteca escolar nas súas programacións de aula.
 - O cambio de actitude respecto a metodoloxías, contidos, actuacións, no campo do fomento da lectura e escritura no Centro.
 - A integración dun tempo dedicado á promoción lectora nas súas horas de traballo diario e a organización e uso da biblioteca de aula.
 - Grao de colaboración e participación nas actividades escolares e extraescolares organizadas dende a biblioteca escolar
- Respecto aos pais e nais:
- O coñecemento real dos obxectivos do programa así como a súa dispoñibilidade e participación nas actividades organizadas.
- Os recursos humanos e materiais que acheguen.
- Os seus papeis de axentes dinamizadores e animadores doutros pais e nais.

